

Venres, 10 de maio de 2019

Núm. 89

## **ADMINISTRACIÓN LOCAL**

### **MUNICIPAL**

#### **TUI**

#### **Persoal, oposicións**

#### *CONVOCATORIA E BASES DE SELECCIÓN PARA CONTRATACIÓN TÉCNICO PROGRAMA INTEGRADO EMPREGO "TUI EMPREGATE"*

*CONVOCATORIA E BASES DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE PERSOAL PARA O PROGRAMA INTEGRADO DE EMPREGO "TUI EMPREGATE" QUE DESENVOLVE O CONCELLO DE TUI AO ABEIRO DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA POLA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA DA XUNTA DE GALICIA.*

Con data 03 de maio de 2019, aprobáronse, por Resolución da Alcaldía, as bases e convocatoria do proceso de selección para contratación laboral temporal de persoal para o programa integrado de emprego "Tui emprégate" que desenvolve o Concello de Tui ao abeiro da subvención concedida pola Consellería de economía, emprego e industria da Xunta de Galicia (Expte. TR332A 2018/047).

As instancias polas que se solicita formar parte en cada proceso selectivo, dirixiranse ao alcalde do Concello, e poderán presentarse por calquera medio previsto no artigo 16.4º da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no prazo de sete días hábiles, contados dende o día seguinte á publicación deste anuncio no Boletín oficial da provincia de Pontevedra.

As bases íntegras, publicaranse no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Tui e na súa páxina web, [www.tui.gal](http://www.tui.gal).

O Alcalde, Carlos Vázquez Padín.

Tui, á data da sinatura dixital á marxe.

